

Venres, 24 de maio de 2024

Núm. 101

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### BUEU

#### Subvencións e axudas

#### *BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN POLA PARTICIPACIÓN NA FESTA DAS ALFOMBRAS FLORAIS DO CORPUS DE BUEU 2024*

### 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, establece no artigo 25 en canto ás funcións dos Concellos e no relativo ás competencias “m) Promoción da cultura e equipamentos culturais”.

O obxectivo principal destas bases é a regulación das axudas pola participación na Festa das Alfombras Florais do Corpus de Bueu do ano 2024, cuxa organización corresponde ao Concello de Bueu e que ten dentro das súas competencias as de fomento da cultura e do turismo. Así, preténdese promover con estas bases a participación das persoas, agrupacións e colectivos na elaboración de alfombras florais para reforzar a ambientación das rúas da vila nesta festividade e revitalizar a tradición das alfombras na vila, que é unha das que goza con máis longo percorrido xa que se remonta ao século XVII.

Ademais, a Festa das Alfombras de Bueu é de Interese Local desde o 2002 e conta coa declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia, da Axencia Galega de Turismo, desde o 2017. Con máis dun cento de anos de antigüidade, o Concello de Bueu considera de especial interese seguir incrementando a oferta cultural e festiva nesta celebración.

As axudas que se concedan para a participación na Festa das Alfombras Florais terán a consideración de subvencións a fondo perdido non reintegrables.

### 2. CRÉDITO ORZAMENTARIO

Destínase un crédito máximo de 4.500 € que se imputará á aplicación 334.48100 do orzamento municipal de gastos do ano 2024, para as axudas por participación na confección das alfombras florais nas rúas da vila con motivo dos actos programados pola Festa das Alfombras Florais 2024.

### 3. CATEGORÍAS E CONTÍAS

Estes 4.500 € distribuiranse segundo os seguintes criterios:

Neste senso cómpre marcar unhas medidas estándares para dar uniformidade ao conxunto. O ancho das alfombras será de 3 metros para dar unidade e cohesión ao trazado, mentres que nas medidas de lonxitude haberá tres posibilidades: 5 metros, 10 metros ou 15 metros.



Venres, 24 de maio de 2024

Núm. 101

Estes criterios veñen determinados polas medidas empregadas en anos anteriores e recollidas nas solicitudes achegadas ao Concello de Bueu. Establécense as seguintes contias en función dos estándares de alfombras:

- Estándar 1 coas medidas 3x5m: un máximo de 50€
- Estándar 2 coas medidas 3x10m: un máximo de 100€
- Estándar 3 coas medidas 3x15 m: un máximo de 150 €

O Concello poderá deixar estas categorías desertas no caso de que non haxa solicitudes ou cando se incumpran as medidas. Sobre estas contias aplicaranse as deducións polos tributos que correspondan , de ser o caso.

#### 4. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN

As axudas inherentes a esta convocatoria concederanse en réxime de concorrencia competitiva acolléndose ao artigo 19.2 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia que establece que as bases reguladoras poderán excepcionalmente do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos, cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito presupostario.

Xustifícase a excepcionalidade pola finalidade que é fomentar a participación das persoas, agrupacións e colectivos na elaboración de alfombras florais para reforzar a ambientación das rúas da vila na festividade do Corpus e revitalizar a tradición das alfombras na vila, tendo en conta que a Festa das Alfombras de Bueu é de Interese Local desde o 2002 e conta coa declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia, desde o 2017.

#### 5. PERCORRIDO

As axudas por participación estarán destinadas a aquelas persoas ou colectivos que realicen as alfombras dentro do percorrido marcado para a festividade e que ten unha estimación total de 1,4 quilómetros, distribuídos nas seguintes rúas:

- Rúa Pazos Fontenla (desde o cruce con Francisco Escáneo ata o cruce de Eduardo Vincenti)
- Rúa Eduardo Vincenti (tramo inferior, desde Pazos Fontenla ata Montero Ríos)
- Rúa Montero Ríos (desde o cruce de Eduardo Vincenti ata a rúa Francisco Escáneo)
- Rúa Francisco Escáneo

Dentro deste percorrido márcase a única excepción das alfombras florais realizadas na Igrexa de San Martiño de Bueu, xa que se trata do punto inicial historicamente do percorrido e onde tamén terán lugar diversas actividades vinculadas á celebración da festa.



Venres, 24 de maio de 2024

Núm. 101

## 6. BENEFICIARIOS

Serán susceptibles de obter as axudas reguladas nestas bases as persoas físicas individuais ou que exerzan de representantes de agrupacións de persoas así como as persoas xurídicas. Tamén as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas e sen ánimo de lucro, comunidades de bens ou calquera tipo de unidade económica ou patrimonio separado, que, aínda que careza de personalidade xurídica, poida levar a cabo as actividades ou proxectos que se atopen na situación que motiva a concesión da presente subvención.

1. Persoa física individual.
2. Entidade ou persoa física que exerza de representante dun colectivo ou dunha agrupación de persoas.

## 7. REQUISITOS DA PARTICIPACIÓN

A elaboración dos tapices florais poderá comezar o **sábado 1 de xuño a partir das 18.00 horas**, momento no que quedarán pechadas ao tráfico ás rúas que conforman o percorrido sinalado.

Non se admitirán a concurso alfombras que se confeccionen con material que incumpra algún tipo de normativa medioambiental e/ou en materia de seguridade, así como calquera material que a organización determine que poida ocasionar un risco. O Concello poñerá a disposición das persoas participantes os seguintes materiais: verde, cunchas de berberecho e papel.

Ademais, poderán realizarse alfombras fóra do concurso pero sen a inscrición non poderán percibir a axuda correspondente.

## 8. SOLICITUDES E PRAZO

Para a participación na convocatoria de axudas pola elaboración de alfombras florais é condición imprescindible solicitar a inscrición no rexistro xeral de entrada do Concello (conforme modelo anexo), rúa Eduardo Vincenti, 8; ou a través da sede electrónica do Concello de Bueu (obrigatoria para persoas xurídicas).

O prazo para a inscrición **remata o xoves 30 de maio**. En ningún caso se admitirán solicitudes presentadas fóra de prazo.

Xunto coa solicitude (Anexo I), haberá que presentar a seguinte documentación:

- NIF da persoa solicitante
- CIF da persoa xurídica ( de ser o caso)
- As agrupacións ou colectivos sen personalidade xurídica deberán presentar ademais declaración responsable (mod. Anexo II).



Venres, 24 de maio de 2024

Núm. 101

## 9. ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo no Departamento de Cultura, nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei Xeral de Subvencións e a concesión será aprobada pola Alcaldía, de acordo co previsto no artigo 5º da Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Bueu.

A comisión de valoración estará formada pola concelleira de Cultura, o concelleiro de Facenda, Subvencións e Contratación Pública e a concelleira de Participación Veciñal e tenente de alcalde.

## 10. CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

Os criterios obrigatorios para a asignación das axudas por participación serán:

- A formalización da solicitude de participación en tempo e forma.
- O cumprimento dos requisitos establecidos no punto 3 e 7 destas bases.

A comisión de valoración valorará os seguintes criterios:

### Tamaño:

- Estándar 1 coas medidas 3x5m: 3 puntos
- Estándar 2 coas medidas 3x10m: 5 puntos
- Estándar 3 coas medidas 3x15 m: 7 puntos

## 11. INCOMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

As axudas reguladas nestas bases serán incompatibles con calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recursos procedente doutras administracións públicas.

## 12. PUBLICIDADE

Esta convocatoria xunto coas súas bases reguladoras publicaranse no BOP da provincia, portal de transparencia, no taboleiro da sede electrónica e na páxina web do Concello de Bueu (<https://concellodebueu.gal/>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), quen publicará o extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, publicación que determinará o inicio do prazo para a presentación de solicitudes.

## 13. RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

Para todo o non previsto nestas Bases, será de aplicación o establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do de xaneiro (RSG) e na Lei 39/2015



Venres, 24 de maio de 2024

Núm. 101

de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC). As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesma e das actuacións da comisión de valoración, poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### 14. ACEPTACIÓN DAS BASES E PROTECCIÓN DE DATOS

A participación no concurso implica a aceptación total das bases desta convocatoria. A súa interpretación correspóndelle exclusivamente ao Concello. As persoas que se presentan a esta convocatoria autorizan expresamente o Concello de Bueu ao uso dos datos persoais achegados para os efectos relacionados co mesmo. De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais obtidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Bueu cuxa finalidade é a xestión do presente concurso. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente mediante un escrito dirixido ao Concello de Bueu a través do correo electrónico [concellodebueu.gal](mailto:concellodebueu.gal). Os autores/as ceden os dereitos de reprodución pública ao Concello a efectos de difusión da convocatoria e do fallo da comisión de valoración, tanto en medios escritos como electrónicos.

#### 15. INCUMPRIMENTO

O incumprimento dalgunha das bases provocará a descualificación na participación da convocatoria.

#### 16. RECURSOS

Contra o acordo da aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112 e seguintes e 124 e seguintes da LPACAP) ou ben directamente un recurso contencioso- administrativo perante o correspondente xulgado de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso- administrativa, todo isto no prazo establecido no artigo 46 da citada lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.



Venres, 24 de maio de 2024

Núm. 101

**ANEXO IA (PERSOAS FÍSICAS)**

<b>SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NA FESTA DAS ALFOMBRAS FLORAIS DO CORPUS DEBUEU 2024</b>	
NOME E APELIDOS	
NIF	
TELÉFONO	
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
CORREO ELECTRÓNICO	
LUGAR DE ELABORACIÓN DA ALFOMBRA FLORAL	RÚA (indicar entre que números se realizará)
ESTÁNDAR DA ALFOMBRA	- 3 x 5 metros - 3 x 10 metros - 3 x 15 metros

Bueu, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2024

Asdo.: \_\_\_\_\_



Venres, 24 de maio de 2024

Núm. 101

## ANEXO IB ( PERSOAS XURÍDICAS)

<b>SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NA FESTA DAS ALFOMBRAS FLORAIS DO CORPUS DEBUEU 2024</b>	
ENTIDADE	
CIF	
TELÉFONO	
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
CORREO ELECTRÓNICO	
<b>E NA SÚA REPRESENTACION</b>	
NOME E APELIDOS	
NIF	
LUGAR DE ELABORACIÓN DA ALFOMBRA FLORAL	RÚA (indicar entre que números se realizará)
ESTÁNDAR DA ALFOMBRA	- 3 x 5 metros - 3 x 10 metros - 3 x 15 metros

Bueu, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2024

Asdo.: \_\_\_\_\_



Venres, 24 de maio de 2024

Núm. 101

## ANEXO IC ( AGRUPACIÓNS )

<b>SOLICITUDE PARA A PARTICIPACIÓN NA FESTA DAS ALFOMBRAS FLORAIS DO CORPUS DEBUEU 2024</b>	
NOME E APELIDOS	
NIF	
TELÉFONO	
ENDEREZO	
LOCALIDADE	
CORREO ELECTRÓNICO	
AGRUPACIÓN QUE REPRESENTA:	
LUGAR DE ELABORACIÓN DA ALFOMBRA FLORAL	RÚA (indicar entre que números se realizará)
ESTÁNDAR DA ALFOMBRA	- 3 x 5 metros - 3 x 10 metros - 3 x 15 metros

Bueu, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2024

Asdo.: \_\_\_\_\_





Venres, 24 de maio de 2024

Núm. 101

## ANEXO II

### DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dna. /D.

---

con NIF \_\_\_\_\_

en representación da Agrupación

---

DECLARO,

Que nesta data fun nomeada/o como representante desta AGRUPACIÓN para a tramitación da solicitude de axuda por participación na elaboración de alfombras florais do Corpus de Bueu 2024.

Que solicito a participación nas actividades relacionadas coa Festa das Alfombras Florais do Corpus de Bueu 2024.

Que segundo dispón o artigo 11 da Lei xeral de subvencións, os abaixo asinantes asumen o mesmo compromiso de execución da actividade subvencionada.

*Así mesmo, todas as persoas abaixo asinantes declaran:*

- 1) Atoparse ao corrente nas súas obrigas co Concello de Bueu.*
- 2) Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
- 3) Non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade ou incapacidade para recibir axudas de administracións públicas.*

Bueu, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ 2024

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

